



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### OLEIROS

##### Personal

*Convocatoria e bases para cubrir os postos do servizo de salvamento e socorrismo nas praias de Oleiros para a campaña de verán de 2025*

**Convocatoria e bases para a cubrir con persoal funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal, os postos do servizo de salvamento e socorrismo nas praias durante a tempada de verán de 2025, aprobadas por resolución da segunda tenente de alcalde delegada de Persoal nº 2025001282, do 13 de marzo.**

##### BASES XERAIS

###### 1. Obxecto da convocatoria

1.1. O obxecto desta convocatoria é o nomeamento como persoal funcionario interino -en desenvolvemento de programas de carácter temporal- do persoal do servizo de salvamento e socorrismo dentro da campaña denominada “SALVAMENTO NAS PRAIAS 2025”, de acordo coa normativa seguinte e concordante:

- a) Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en diante, TREBEP).
- b) Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- c) Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 11/99.
- d) Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- e) Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- f) Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da comunidade autónoma de Galicia que aproba o Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.
- g) Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.
- h) Ordenanza municipal que regula o uso das praias do Concello de Oleiros.
- i) Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- j) Decreto 43/2023, do 4 de maio, polo que se modifica o Decreto 152/2021, de 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- k) Resolución do 29 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de emerxencias e Interior, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 14 de outubro de 2021 polo que se aproba o Plan de salvamento en praias de Galicia (SAPRAGA)
- l) Decreto 63/2021, do 22 de abril, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- m) Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 14 de maio de 2012, que regula o modelo distintivo dos socorristas acuáticos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- n) Real Decreto 238/2019, do 5 de abril, polo que se establecen habilitacións anexas as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo y se actualizan as medidas de seguridade na utilización das motos náuticas.

- o) Real decreto 875/2014, do 10 de outubro, que regula as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo.
- p) Real Decreto 269/2022, do 12 de abril, polo que se regulan os títulos profesionais e de competencia da Mariña Mercante.

1.2. Para o non disposto nesta convocatoria serán de aplicación as bases xerais para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios de carreira e persoal laboral fixo deste Concello para o ano 2022, publicadas no **Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña número 182, do 23 de setembro de 2022**, en todo o que non contradigan á lexislación sectorial de aplicación.

## 2. Número, características e retribucións dos postos e modalidade e duración dos nomeamentos.

2.1. As categorías e número de postos a cubrir son as seguintes:

- a) 1 supervisor/a do servizo e 1 xefe/a de equipo
- b) 30 socorristas acuáticos/as
- c) 6 patróns/as de embarcacións
- d) 6 auxiliares de información e primeiros auxilios en espazos acuáticos naturais.

2.2. De entre as anteriores categorías, agás o/a supervisor/a e o/a xefe/a de equipo, nomearanse ata 8 xefes/as de grupo, dependendo das necesidades do servizo.

2.3. Realizarase un proceso selectivo por cada categoría, agás no caso das de supervisor/a e xefe/a de equipo, que se cubrirán no mesmo procedemento.

2.4. Retribucións mensuais brutas (incluída a parte proporcional de paga extra) do persoal do servizo de salvamento e socorrismo nas praias para o ano 2025:

Categoría	Soldo
Supervisor/a	1.920,89
Xefe/a de equipo	1.884,24
Xefe/a de grupo	1.810,94
Socorrista acuático/a	1.774,29
Auxiliar de información e primeiros auxilios	1.774,29
Patrón/a de embarcacións	1.810,94

2.5. Nomearase as persoas seleccionadas funcionarias interinas para o desenvolvemento de programas de carácter temporal para o programa "SALVAMENTO NAS PRAIAS 2025", co subgrupo de clasificación C2 e a categoría que lle corresponda.

2.6. A prestación de servizos do/a supervisor/a e do/a xefe/a de equipo será desde o 2 de xuño ata o 26 de setembro. No resto das categorías será pola duración da campaña "SALVAMENTO NAS PRAIAS 2025" que se estenderá do 15 de xuño ata o 15 de setembro aproximadamente.

## 3. Sistema de selección.

3.1. Concurso-oposición, quenda libre.

## 4. Taxas por dereitos de exame.

4.1. As taxas por dereitos de exame fíxanse nun importe de catorce euros e sesenta e seis céntimos de euro (14,66.€) para cada un dos postos obxecto desta convocatoria, de acordo coa ordenanza fiscal reguladora en vigor.

4.2. No caso de que unha persoa se presente a procesos selectivos de distintas categorías deberá abonar unha taxa por cada un dos procesos nos que participe.

4.3. A carta de pagamento obterase seguindo o procedemento que aparece na sede electrónica do Concello de Oleiros (**Sede electrónica -> Autoliquidacións -> Expedicións de documentos - dereitos de exame**).

Este procedemento permite realizar o pagamento na mesma sede de xeito electrónico ou imprimir o documento e pagalo nunha das entidades colaboradoras reflectidas no mesmo impreso. Neste último caso é necesario achegar a carta de pagamento e o correspondente xustificante de abono.

4.4. A non presentación deste impreso de autoliquidación co formulario de solicitude determinará a exclusión provisional da persoa aspirante no proceso selectivo, sendo posible a súa emenda dentro do prazo conferido para o efecto.

4.5. A presentación da carta de pagamento ou do xustificante do aboamento das taxas non suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso selectivo.

4.6. De acordo coa ordenanza fiscal en vigor, gozarán dunha bonificación dun 25% do importe aqueles suxeitos pasivos que formen parte de unidades familiares ás que se lle recoñece o título de familia numerosa de carácter xeral.

4.7. Así mesmo gozarán dunha bonificación dun 50%, aqueles suxeitos pasivos que formen parte de unidades familiares ás que se lle recoñece o título de familia numerosa de carácter especial.

4.8. Considéranse familias numerosas de categoría xeneral e especial as reguladas polo artigo 4 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas, ás que se recoñece tal condición, conforme se establece polo artigo 5 da citada Lei.

4.9. Có fin de acreditar a condición de membro de familia numerosa, os suxeitos pasivos aos que corresponda a aplicación da bonificación, axuntarán ao impreso de pago das Taxas, o título oficial de familia numerosa.

## 5. Requisitos das persoas aspirantes.

Todos os requisitos esixidos para participar nas probas selectivas deberán cumprirse antes do remate do prazo de admisión das solicitudes.

### 5.1. Requisitos comúns a todas as categorías:

- a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de graduado/a en ESO ou equivalente ou en condición de obtelo á data de remate do prazo de admisión das solicitudes.
- d) No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título a efectos profesionais.
- e) Non atoparse na situación de ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente referida ao día do seu nomeamento, no caso de ser seleccionado/a.
- f) Non padecer ningunha enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das correspondentes funcións; acreditarase mediante un informe médico que acredite que a persoa aspirante reúne as condicións físicas para a realización daquelas probas nas que así se esixa, de acordo coas bases específicas para cada unha das categorías.

Este informe médico deberá presentarse inescusablemente o día no que se desenvolva a proba no momento inmediatamente anterior á súa realización, sendo excluída a persoa aspirante en caso contrario. Deberá ter, como máximo, unha antigüidade de tres meses en relación á data fixada para o desenvolvemento da proba.

- g) No caso de que unha persoa se presentase a varias categorías bastará con que presente un único informe referido a todas as probas, que deberá entregar cando se desenvolva a primeira das probas físicas nas que participe.
- h) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou sentenza firme, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoa funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.
- i) No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

### 5.2. Requisitos específicos para as categorías de supervisor/a do servizo e xefe/a de equipo:

- a) Estar inscrito no Rexistro profesional do persoal socorrista, información e primeiros auxilios de Galicia (**sección de socorrista en espazos acuáticos naturais ou de persoal auxiliar de información e primeiros auxilios en espazos acuáticos naturais**) ou ter presentada a solicitude de inscrición e estar pendente de resolución, sempre e cando non transcorrera o prazo máximo prefixado para a súa emisión.

5.3. Requisitos específicos para a categoría de socorrista acuático/a:

- a) Estar inscrito no Rexistro profesional do persoal socorrista, información e primeiros auxilios de Galicia (**sección de socorristas en espazos acuáticos naturais**) ou ter presentada a solicitude de inscrición e estar pendente de resolución, sempre e cando non transcorrera o prazo máximo prefixado para a súa emisión.

5.4. Requisitos específicos para a categoría de persoal auxiliar de información e primeiros auxilios:

- a) Estar inscrito no Rexistro profesional do persoal socorrista, información e primeiros auxilios de Galicia (**sección de persoal auxiliar de información e primeiros auxilios en espazos acuáticos naturais**) ou ter presentada a solicitude de inscrición e estar pendente de resolución, sempre e cando non transcorrera o prazo máximo prefixado para a súa emisión.

5.5. Requisitos específicos para a categoría de patrón/a de embarcacións:

- a) Estar inscrito no Rexistro profesional do persoal socorrista, información e primeiros auxilios de Galicia (**sección de socorrista en espazos acuáticos naturais**) ou ter presentada a solicitude de inscrición e estar pendente de resolución, sempre e cando non transcorrera o prazo máximo prefixado para a súa emisión.
- b) Estar en posesión do título de **Patrón de embarcacións de recreo (PER)** de acordo co Real decreto 875/2014, de 10 de outubro, que regula as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo ou titulación profesional equivalente que habilite o manexo de embarcacións da oitava listaxe destinadas ao salvamento e o rescate, ou en condicións de obtela no prazo de presentación de solicitudes.

5.6. En orde a cubrir todos os postos ofertados, tamén poderán participar nos procedementos selectivos das categorías de socorrista acuático/a e patrón/a de embarcacións aquelas persoas que, cumprindo o resto dos requisitos, estean en condición de obter a habilitación que lles permita a inscrición no rexistro profesional do persoal socorrista, información e primeiros auxilios e cumprir as condicións ás que se refiren os puntos anteriores antes do remate da tempada de verán.

Esta situación deberá acreditarse no prazo de presentación de solicitudes. Neste caso as persoas que superasen o correspondente procedemento selectivo pasarán a integrar a listaxe de reserva prevista na base nº 12 no momento en que presenten a acreditación de que cumpran tales requisitos.

5.7. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do rexistro na sede electrónica do Concello de Oleiros (**Sede electrónica -> Servizos xerais -> Rexistro electrónico -> Inscrición nos procesos de selección de persoal**).

5.8. Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, expresando claramente o proceso selectivo de que se trate.

5.9. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello de Oleiros.

5.10. O prazo de presentación de solicitudes será de **10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

5.11. As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado «Idioma do exame», se o texto do primeiro exercicio da fase de oposición se deberá entregar en idioma galego ou en idioma castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude, a persoa aspirante non poderá modificar a opción. No caso de non indicarse ningunha das opcións entregarase a versión en lingua galega.

5.12. A participación neste proceso de selección é voluntaria, e implica que se presta consentimento para realizar as probas e os exercicios psicotécnicos se os houbera, aceptando que o resultado desas probas sexa empregado como factor de valoración, de conformidade co previsto nestas bases.

## 6. Documentación a presentar.

6.1. Documentación:

- a) O DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) O DNI ou NIE da persoa representante, de ser o caso.
- c) A instancia normalizada, que figura na sede electrónica do Concello de Oleiros (**Sede electrónica -> Servizos xerais -> Rexistro electrónico -> Inscrición nos procesos de selección de persoal**). Tamén poderase atopar na páxina web municipal (**Portada » Temas » Recursos Humanos » Procesos selectivos**).
- d) A acreditación de estar en posesión das titulacións establecidas na base nº 5 como requisitos para participar nos procesos das distintas categorías.

- e) A resolución que acredite estar inscrito no Rexistro profesional do persoal socorrista, información e primeiros auxilios de Galicia –na sección que corresponda segundo a/s categoría/as a/s que se presente- de acordo co Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia, ou o modelo distintivo en vigor, establecido pola Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 14 de maio de 2012.

No caso de ter presentada a solicitude de inscrición e estar pendente de resolución, deberase presentar a dita solicitude xunto coa documentación que acredite estar en posesión da formación mínima para o exercicio das actividades obxecto de inscrición.

- f) No seu caso, acreditación de que se atopa na situación prevista na base 5.6.
- g) O Certificado Celga 3 ou equivalente, no seu caso.  
(No suposto de non ter o certificado se realizará a proba de coñecemento da lingua galega)
- h) A carta de pagamento e o xustificante do ingreso da taxa, co selo da entidade bancaria con indicación da data, ou o xustificante de pagamento electrónico.
- i) No caso de bonificación, o título de familia numerosa.
- j) Unha relación circunstanciada dos méritos que se aleguen para avaliar na fase de concurso, unindo á dita relación os documentos xustificativos destes, xa que non se tomarán en consideración nin se avaliarán aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, no momento da presentación da instancia e dentro do prazo establecido. O modelo de relación poderase atopar na páxina web municipal (**Portada » Temas » Recursos Humanos » Procesos selectivos**).

6.2. Esta documentación presentarase preferiblemente por vía electrónica a través do rexistro na sede electrónica do Concello de Oleiros (**Sede electrónica -> Servizos xerais -> Rexistro electrónico -> Inscrición nos procesos de selección de persoal**).

6.3. Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6.4. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente nesta Administración. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

6.5. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

6.6. A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos/as aspirantes sancionase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

6.7. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6.8. No caso de que algún dos documentos que se vai presentar de forma electrónica supere os tamaños máximo establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica do Concello de Oleiros, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica do Concello de Oleiros.

## 7. Admisión de persoas aspirantes e calendario de realización das probas.

7.1. Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ou o órgano delegado ditará a resolución pola que aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas para cada un dos procedementos, que se fará pública na sede electrónica do Concello de Oleiros (**publicacións oficiais – persoal e RRHH – procesos selectivos**) e, aínda que sen carácter preceptivo, na páxina web do Concello (**Portada » Temas » Recursos Humanos » Procesos selectivos**), conferíndose un prazo de **cinco días hábiles** para os efectos de reclamacións nos termos do art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7.2. As reclamacións, se as houbera, serán resoltas na resolución pola que se aproba a listaxe definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, e un calendario co lugar, a data e a hora de realización de cada unha das probas da fase de oposición.

7.3. No caso de que, por circunstancias excepcionais ou de forza maior, houberse que modificar o lugar, a data ou a hora das previstas inicialmente para a realización das probas, o órgano de selección deberá publicar a dita modificación na páxina web municipal (**Portada » Temas » Recursos Humanos » Procesos selectivos**) no día anterior ao da realización da proba.

#### 8. Tribunais cualificadores.

8.1. O órgano de selección de cada unha das categorías designarase de conformidade ao estipulado no art. 60 do TREBEP.

8.2. As persoas membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao órgano convocador, cando concorran nelas circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, ou se realizaran tarefas de preparación de probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Asemade, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias.

8.3. O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de, polo menos, tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

8.4. Tamén resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

8.5. Ademais, poderá dispoñer da incorporación aos seus traballos de distintas persoas para realizar labores de asesoramento nas probas que estime pertinentes, limitándose estas a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

8.6. As persoas membros do órgano de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao exixido para participar no proceso selectivo.

8.7. Estará constituído por:

Presidente/a: O persoal funcionario ou laboral da Corporación que se nomee.

Secretario/a: O persoal funcionario ou laboral da Corporación que se nomee.

Vogais: Tres vogais, persoal funcionario ou laboral que se nomee.

#### 9. Desenvolvemento das probas.

9.1. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio nun único chamamento por orde alfabética e serán excluídas do proceso selectivo aquelas que non comparezan agás os casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal.

9.2. O dito chamamento comezará por aquelas persoas aspirantes cuxo primeiro apelido comece pola letra "F", de acordo coa Resolución do 21 de xaneiro de 2025 da Consellería de Facenda e Administración Pública (**DOG nº 16 do 24 de xaneiro de 2025**), que fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Unha vez comezada a práctica dos exercicios, o tribunal poderá requirir en calquera momento das persoas aspirantes a acreditación da súa identidade.

9.3. A publicación dos sucesivos anuncios relativos ao desenvolvemento do proceso selectivo efectuarase na sede electrónica do Concello de Oleiros (**publicacións oficiais – persoal e RRHH – procesos selectivos**) e, aínda que sen carácter preceptivo, na páxina web do Concello (**Portada » Temas » Recursos Humanos » Procesos selectivos**).

9.4. O tribunal poderá acordar a lectura pública daquelas probas que se desenvolvan por escrito.

#### 10. Probas selectivas e sistema de puntuación.

10.1. Os sistemas de cualificación do concurso e das distintas probas da fase de oposición relaciónanse nas bases específicas desta convocatoria para cada unha das categorías, así como o seu número e tipo.

10.2. O tribunal declarará aprobadas a aquelas persoas que obtivesen maior puntuación no cómputo global do proceso, non podendo superar en ningún caso o número de aprobados ao de postos convocados, en cada categoría.

#### 11. Presentación de documentación e contratación.

11.1. Unha vez concluído o proceso selectivo, o tribunal publicará a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación, sen poder superar este o número de postos convocados, e remitirá a dita relación, xunto coa acta da última sesión, á Alcaldía ou ao órgano delegado, quen efectuará os correspondentes nomeamentos.

11.2. No anuncio ao que se refire o parágrafo anterior, figurará a data na que as persoas aspirantes aprobadas deberán presentar nas instalacións do servizo de Persoal e RRHH do Concello a seguinte documentación, sempre e cando non obre en poder da Administración:

- a) Os títulos, certificados e documentación esixidos na base nº 5 para cada categoría.
- b) A declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por resolución ou sentenza xudicial firmes.
- c) A declaración xurada de non atoparse en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento do seu nomeamento.
- d) A certificación médica -que se realizará a conta do Concello- acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física que imposibilite o normal exercicio das funcións.
- e) A tarxeta da Seguridade Social no caso de ter sido dado/a de alta con anterioridade.

11.3. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar a documentación requirida, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria mediante calquera medio de proba admisible en Dereito.

11.4. Quen, dentro do prazo indicado e salvo casos de forza maior, non presentase a documentación, non poderá ser nomeado/a, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incurrir por falsidade na súa instancia.

11.5. Cumpridos os requisitos referidos, o alcalde ou o órgano delegado realizará o nomeamento das persoas aspirantes propostas.

11.6. As persoas aspirantes nomeadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e na forma requiridas polo interese do servizo e quedarán obrigadas a utilizar os medios que para exercicio das súas funcións poña á súa disposición o Concello de Oleiros.

11.7. Se durante o período de vixencia da prestación do servizo se producise a denegación da inscrición -por estar en trámite no momento temporal do nomeamento- no Rexistro Profesional do persoal socorrista, Información e Primeiros Auxilios de Galicia (na sección que corresponda segundo o posto obtido), será esta causa xusta de cesamento inmediato por parte do Concello de Oleiros debido ao incumprimento dos requisitos de profesionalidade esixidos polo decreto regulador da materia para o desempeño dos labores inherentes ao posto de traballo obxecto do nomeamento.

11.8. No procedemento selectivo correspondente ás categorías de supervisor/a do servizo e xefe/a de equipo, da listaxe final do proceso selectivo nomearanse -entre as persoas seleccionadas- 1 supervisor/a e 1 xefe/a de equipo, elixindo para iso ás persoas ocupantes dos dous primeiros postos da listaxe final, respectivamente e na orde descendente de puntuación. A persoa supervisora será a responsable do servizo e o/a xefe/a de equipo será a persoa encargada de auxiliar e apoiar a labor do/a supervisor/a. De producirse renuncia expresa a estes nomeamentos, continuaranse por rigorosa orde de prelación na listaxe final.

11.9. Nos procedementos selectivos das restantes categorías, das listaxes finais nomearanse -entre todos/as os seleccionados/as nas diferentes categorías convocadas- ás persoas que desenvolverán as funcións de socorristas-xefes de grupo nas praias, en base a criterios de experiencia e idoneidade.

## 12. Listaxe de reserva.

12.1. Para a cobertura de postos ou a realización de contratos laborais de carácter temporal poderá acudir ao proceso selectivo finalizado ao abeiro desta convocatoria ou doutras anteriores, onde houbese persoas aspirantes que aprobasen algunha das probas, aínda que non obtivesen posto, debendo optarse por aquelas que superasen o maior número destas e que acumulasen mellor puntuación.

12.2. Tamén se incluírán nesta listaxe as persoas que se atopen na situación prevista na base número 5.6.

12.3. Cando se chamase a unha das persoas incluídas na listaxe para ocupar un posto, recuperará o seu lugar inicial, ao rematar o período de contratación, de xeito que poderá ser chamada novamente para outra contratación, agás que renuncie expresamente á súa incorporación.

## 13. Norma final.

13.1. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo da Coruña no prazo de dous meses que comezarán a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria (artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), ou ben, previamente e con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano autor da disposición impugnada, no prazo dun mes (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, procedemento administrativo común das administracións públicas), sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

**BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN NAS CATEGORÍAS DE SUPERVISOR/A DO SERVIZO E XEFE/A DE EQUIPO.****FASE DE OPOSICIÓN**

Consistirá na realización das seguintes probas:

**1. Proba de coñecementos**

1.1. De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá en responder a un cuestionario composto por 40 preguntas tipo test, que versarán sobre primeiros auxilios, salvamento e socorrismo acuático e coñecemento das praias do termo municipal de Oleiros, de acordo co temario contido no Anexo I destas bases.

1.2. Este exercicio cualificarase de **0 a 20 puntos** e para superalo será necesario obter un mínimo de **10 puntos**. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal se terá en conta que cada resposta incorrecta descontará un terzo do valor dunha pregunta correcta.

**2. Proba de RCP**

2.1. De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá en realizar unha proba simulada de reanimación cardio pulmonar (RCP): proba de Soporte vital básico e instrumental e utilización do equipo de oxigenoterapia segundo as recomendacións da “European Resuscitation Council Guidelines 2021 Resumen ejecutivo”, [https://www.cercp.org/wp-content/uploads/2021/12/ERC-Guidelines-2021\\_Executive-Summary\\_Spanish-translation.pdf](https://www.cercp.org/wp-content/uploads/2021/12/ERC-Guidelines-2021_Executive-Summary_Spanish-translation.pdf)

2.2. Esta proba cualificarase de **0 a 3 puntos**, sendo necesario para superala obter como mínimo **1,5 puntos**.

**3. Proba de coñecemento da lingua galega**

3.1. De carácter obrigatorio e eliminatorio agás para aquelas persoas aspirantes que presenten o certificado, orixinal ou a fotocopia compulsada -dentro do prazo de presentación de instancias e referido á data do seu remate- de ter superados os estudos conducentes á obtención do certificado de lingua galega -CELGA 3- correspondente co nivel de estudos acreditados para a participación no procedemento selectivo, expedido por organismo oficial para o efecto, ou o título acreditativo expedido por entidade académica para tal fin. A proba consistirá na tradución dun texto facilitado polo Tribunal do castelán ao galego nun tempo máximo de trinta minutos.

3.2. Cualificarase como **apto/a** ou **non apto/a**.

**4. Proba final**

4.1. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistente en realizar unha entrevista de carácter profesional que versará sobre as tarefas a desenvolver no posto de traballo e a súa relación coa experiencia laboral para tal fin. Esta proba cualificarase de **0 a 10 puntos**. Para superala será necesario obter como mínimo **3 puntos**.

**FASE DE CONCURSO (máximo 10 puntos)**

Non terá carácter eliminatorio e para a avaliación xuntarase coa solicitude a relación circunstanciada dos méritos que se aleguen pola orde que se establece de seguido, unindo á dita relación os documentos xustificativos destes (orixinais ou fotocopias compulsadas), pois non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

O modelo de relación de méritos figura na páxina web municipal (**Portada » Temas » Recursos Humanos » Procesos selectivos**).

Unicamente se valorarán os méritos das persoas aspirantes que superasen a fase de oposición.

Avaliarase:

**5. A experiencia profesional (ata un máximo de 2 puntos):**

5.1. Por cada mes de servizo en praias en posto de supervisor/a-coordinador/a: **0,5 puntos**.

5.2. Por cada mes de servizo en praias en posto de xefe/a de equipo: **0,4 puntos**.

5.3. Por cada mes de servizo en praias en posto de xefe/a de grupo ou xefe/a de praia: **0,3 puntos**.

5.4. Por cada mes de servizo en praias en posto de socorrista, socorrista-patrón, sanitario/a ou similar: **0,1 puntos**.

**6. Cursos relacionados (ata un máximo de 2 puntos) :**

6.1. Por cada acreditación de cursos realizados, sempre que se atopen relacionados coas funcións propias a desenvolver e organizados ou avalados por unha Administración pública, Universidade ou Entidade de interese público (cursos, prácticas deportivas ou profesionais, asistencia a xornadas, congresos, seminarios, informática de xestión, xestión de recursos humanos, reciclaxes, formación continua):

a) De 10 a 40 horas de duración: **0,10 puntos**.



- b) De 41 a 100 horas de duración: **0,20 puntos.**
- c) De 101 a 200 horas de duración: **0,30 puntos.**
- d) De duración superior a 200 horas: **0,40 puntos.**

6.2. Por cada curso da escola oficial de idiomas (inglés):

- a) Básico (nivel A2 do MECRL): **0,10 puntos.**
- b) Intermedio (nivel B1 do MECRL): **0,20 puntos.**
- c) Avanzado (nivel B2 do MECRL): **0,50 puntos.**
- d) C1: **1 punto.**

6.3. No caso de estar en posesión de varios cursos ou accións formativas con materias ou contidos similares, tomase en consideración, para os efectos de valoración, aquel de data máis actual.

#### 7. Outros méritos (ata un máximo de 6 puntos):

7.1. Acreditar formación actualizada no manexo de desfibriladores mediante certificación individual recoñecida polo Consello español de resucitación cardiopulmonar (CERCP) a través da Fundación pública urgencias sanitarias de Galicia (061) ou de outra entidade equivalente no caso de formarse noutra Comunidade autónoma ou Estado: **0,5 puntos.**

7.2. Estar en posesión do título de Patrón de embarcacións de recreo (PER) ou titulación profesional equivalente que habilite o manexo de embarcacións da oitava listaxe destinadas ao salvamento e o rescate, ou en condicións de obtela no prazo de presentación de solicitudes: **1,5 puntos.**

7.3. Estar en posesión de titulación universitaria (Ciencias da actividade física e do deporte, Ciencias empresariais, Ciencias económicas e/ou Dereito, Relacións laborais, Ciencias do traballo e Recursos humanos): **1,5 puntos.**

7.4. Por cada máster relacionado coas funcións propias a desenvolver: **1 punto.**

7.5. Ser voluntario/a dunha agrupación de voluntarios de protección civil cunha antigüidade mínima de 2 anos e ter rexistrada actividade nos anos 2024 e/ou 2025 (co curso básico de protección civil acreditado): **0,5 puntos.**

7.6. Estar en posesión do permiso de condución da clase B+E: **1 punto.**

#### 8. Acreditación dos méritos:

8.1. Os méritos alegados polas persoas aspirantes deberán acreditarse do seguinte xeito e dentro do prazo de presentación de instancias:

- a) Os servizos prestados na Administración pública, mediante a certificación expedida pola autoridade ou o persoal funcionario competente, que reflicta o grupo profesional de pertenza.
- b) Para a acreditación dos servizos prestados no Concello de Oleiros bastará con que a persoa aspirante solicite que se teñan en conta na avaliación de méritos da fase de concurso os servizos prestados a través do modelo que figura na páxina web municipal (**Portada » Temas » Recursos Humanos » Procesos selectivos**), incorporando a propia Administración o informe acreditativo ao expediente de selección.
- c) Os servizos prestados en empresas privadas, mediante a presentación inescusable do modelo oficial de certificado de empresa ou certificado de vida laboral aos que se deberán acompañar, inescusablemente, cada contrato de traballo que se pretenda que se avalíe coa acreditación do rexistro no servizo de emprego correspondente.
- d) Non se computarán os servizos inferiores ao mes, entendéndose estes de trinta días; agás que así se especifique expresamente nalgún apartado das bases da convocatoria de que se trate. Deduciranse proporcionalmente aqueles servizos prestados a tempo parcial.
- e) Os cursos relacionados a través de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e, expresar con suficiente claridade o seu contido básico. No suposto de que a duración do curso se exprese en días establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.
- f) O resto dos méritos a través dos diplomas ou certificacións correspondentes.

#### BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN NA CATEGORÍA DE SOCORRISTA ACUÁTICO/A.

##### FASE DE OPOSICIÓN

Consistirá na realización das seguintes probas:

##### 1. Proba de coñecementos:

1.1. De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá en responder a un cuestionario composto por 20 preguntas tipo test, que versarán sobre primeiros auxilios e salvamento e socorrismo acuático de acordo co temario contido no Anexo II destas bases.

1.2. Este exercicio cualificarase de **0 a 10 puntos** e para superalo será necesario obter un mínimo de **5 puntos**. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal se terá en conta que cada resposta incorrecta descontará a metade do valor dunha pregunta correcta.

## 2. Proba en espazo acuático natural:

2.1. Con carácter previo á realización desta proba, **no preciso momento do chamamento público**, e con carácter obrigatorio e eliminatorio, as persoas aspirantes deberán presentar o **informe médico** esixido na base quinta das bases xerais.

2.2. De carácter obrigatorio e eliminatorio, desenvolverase do seguinte xeito:

- a) A posición de partida será de pé, fora da auga, co material de rescate determinado (brazo de rescate e aletas), no chan, tendo que colocarse o brazo de rescate de xeito correcto á sinal de saída e as aletas na man.
- b) Tras o sinal de inicio da proba, realizaranse 50 metros en desprazamento terrestre co material.
- c) Entrarase na auga de xeito correcto e colocaranse as aletas.
- d) Realizaranse 50 metros en nado libre ata a posición marcada cunha boia. Unha vez alcanzada a boia deberase abrochar o brazo de rescate e regresar a nado (deixando a boia a nosa esquerda) ata o areal utilizando unha técnica de traslado co material de rescate (brazo de rescate), con acción de brazo libre e agarrando o brazo de rescate cunha man durante outros 50 metros.
- e) Finalizada a fase acuática, quitaranse as aletas e continuarase a carreira a pé ata a meta coas aletas na man e sen quitarse o brazo de rescate. Á chegada á meta haberá que pousar no chan o brazo de rescate e as aletas para dar a proba por finalizada.
- f) Outorgaranse as seguintes puntuacións de acordo cos tempos expresados:

TEMPOS HOMES	TEMPOS MULLERES	AVALIACIÓN
Superior a 3'31"	Superior a 4'	Non apto/a
Entre 3'31" e 3'01"	Entre 4' e 3'29"	0 puntos
Entre 3'e 2'31"	Entre 3'28" e 2'58"	1 puntos
Entre 2'30" e 2'01"	Entre 2'57" e 2'27"	2 puntos
Entre 2" e 1'31"	Entre 2'26" e 1'58"	3 puntos
Entre 1'30" e 1'	Entre 1'57" e 1'27"	4 puntos
Inferior ou igual a 59"	Inferior ou igual a 1' 26"	5 puntos

## 3. Proba de coñecemento da lingua galega

3.1. De carácter obrigatorio e eliminatorio agás para aquelas persoas aspirantes que presenten o certificado, orixinal ou a fotocopia compulsada -dentro do prazo de presentación de instancias e referido á data do seu remate- de ter superados os estudos conducentes á obtención do certificado de lingua galega -CELGA 3- correspondente co nivel de estudos acreditados para a participación no procedemento selectivo, expedido por organismo oficial para o efecto, ou o título acreditativo expedido por entidade académica para tal fin. A proba consistirá na tradución dun texto facilitado polo Tribunal do castelán ao galego nun tempo máximo de trinta minutos.

3.2. Cualificarase como **apto/a** ou **non apto/a**.

### FASE DE CONCURSO (máximo 5 puntos)

Non terá carácter eliminatorio e para a avaliación xuntarase coa solicitude a relación circunstanciada dos méritos que se aleguen pola orde que se establece de seguido, unindo á dita relación os documentos xustificativos destes (orixinais ou fotocopias compulsadas), pois non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

O modelo de relación de méritos figura na páxina web municipal (**Portada » Temás » Recursos Humanos » Procesos selectivos**).

Unicamente se valorarán os méritos das persoas aspirantes que superasen a fase de oposición.

Avaliarase:

### 4. A experiencia profesional (ata un máximo de 2 puntos):

4.1. Por cada mes de servizo en praias en posto de socorrista acuático/a: **0,25 puntos**.

4.2. Por cada mes de servizo en praias en posto de supervisor/xefe de equipo: **0,20 puntos**.

4.3. Por cada mes de servizo en praias en posto de Xefe de grupo: **0,15 puntos**.

#### 5. Outros méritos (ata un máximo de 3 puntos):

5.1. Acreditar formación actualizada no manexo de desfibriladores mediante certificación individual recoñecida polo Consello español de resucitación cardiopulmonar (CERCP) a través da Fundación pública urxencias sanitarias de Galicia (061) ou doutra entidade equivalente no caso de formarse noutra Comunidade autónoma ou Estado: **1 punto**.

5.2. Estar en posesión do título de Patrón de embarcacións de recreo (PER) ou titulación profesional equivalente que habilite o manexo de embarcacións da oitava listaxe destinadas ao salvamento e o rescate, ou en condicións de obtela no prazo de presentación de solicitudes **1 punto**.

5.3. Ser voluntario/a dunha agrupación de voluntarios de protección civil cunha antigüidade mínima de 2 anos e ter rexistrada actividade nos anos 2024 e/ou 2025 (co curso básico de protección civil acreditado): **1 punto**.

#### 6. Acreditación dos méritos:

6.1. Os méritos alegados polas persoas aspirantes deberán acreditarse do seguinte xeito e dentro do prazo de presentación de instancias:

- a) Os servizos prestados na Administración pública, mediante a certificación expedida pola autoridade ou o persoal funcionario competente, que reflicta o grupo profesional de pertenza.
- b) Para a acreditación dos servizos prestados no Concello de Oleiros bastará con que a persoa aspirante solicite que se teñan en conta na avaliación de méritos da fase de concurso os servizos prestados a través do modelo que figura na páxina web municipal (**Portada » Temas » Recursos Humanos » Procesos selectivos**), incorporando a propia Administración o informe acreditativo ao expediente de selección.
- c) Os servizos prestados en empresas privadas, mediante a presentación inescusable do modelo oficial de certificado de empresa ou certificado de vida laboral aos que se deberán acompañar, inescusablemente, cada contrato de traballo que se pretenda que se avalíe coa acreditación do rexistro no servizo de emprego correspondente.
- d) Non se computarán os servizos inferiores ao mes, entendéndose estes de trinta días; agás que así se especifique expresamente nalgún apartado das bases da convocatoria de que se trate. Deduciranse proporcionalmente aqueles servizos prestados a tempo parcial.
- e) O resto dos méritos a través dos diplomas ou certificacións correspondentes.

### BASES ESPECÍFICAS PARA A CATEGORÍA DE PATRÓNS/AS DE EMBARCACIÓNS

#### FASE DE OPOSICIÓN

Consistirá na realización das seguintes probas:

##### 1. Proba de coñecementos:

1.1. De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá en responder a un cuestionario composto por 20 preguntas tipo test, que versarán sobre primeiros auxilios, salvamento e socorrismo acuático e manexo de embarcacións, de acordo co temario contido no Anexo III destas bases.

1.2. Este exercicio cualificarase de **0 a 10 puntos** e para superalo será necesario obter un mínimo de **5 puntos**. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal se terá en conta que cada resposta incorrecta descontará a metade do valor dunha pregunta correcta.

##### 2. Proba de piscina – 50 metros. Proba combinada.

2.1. Con carácter previo á realización desta proba, **no preciso momento do chamamento público**, e con carácter obrigatorio e eliminatorio, as persoas aspirantes deberán presentar o **informe médico** esixido na base quinta das xerais.

2.2. De carácter obrigatorio e eliminatorio, desenvolverase do seguinte xeito:

a) A posición de partida será de pé, no borde do vaso da piscina. Despois do sinal, entrarase na auga coa técnica aberta sen afundirse (apropiada para lugares de escasa profundidade) mantendo a cabeza fóra da auga. Realizaranse 25 metros de nado CROL coa cabeza fóra da auga, recollerase un obxecto do fondo da piscina e remolcarase 25 metros en posición dorsal ou lateral, mantendo en todo momento o obxecto fóra da auga. Ao chegar ao borde do vaso da piscina colocarase o obxecto fóra da auga no lugar apropiado para iso.

b) Outorgaranse as puntuacións cos tempos expresados a continuación, que comezarán a contar dende a sinal de saída ata a colocación do obxecto no lugar indicado:

Tempos homes	Tempos mulleres	puntuación
Menor ou igual a 0'30"	Menor ou igual a 1'40"	5
Entre 0'31" e 0'40"	Entre 1'41" e 1'50"	4
Entre 0'41" e 0'50"	Entre 1'51" e 2'00"	3
Entre 0'51" e 1'00"	Entre 2'01" e 2'10"	2
Entre 1'01" e 1'10"	Entre 2'11" e 2'20"	1
Entre 1'11" e 1'20"	Entre 2'21" e 2'30"	0
Máis de 1'21"	Máis de 1'31"	Non apto

### 3. Proba práctica:

3.1. A proba consistirá na superación do seguinte exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio:

- a) Cunha embarcación en seco, a persoa candidata deberá de realizar as seguintes actividades:
- Identificación de diferentes partes da embarcación.
  - Colocación do material a bordo.
  - Realizar tres nós mariñeiros básicos.

3.2. Este exercicio será cualificado de **0 a 10 puntos**. Para superar esta proba será necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

### 4. Proba de coñecemento da lingua galega:

4.1. De carácter obrigatorio e eliminatorio agás para aquelas persoas aspirantes que presenten o certificado, orixinal ou a fotocopia compulsada -dentro do prazo de presentación de instancias e referido á data do seu remate- de ter superados os estudos conducentes á obtención do certificado de lingua galega -CELGA 3- correspondente co nivel de estudos acreditados para a participación no procedemento selectivo, expedido por organismo oficial para o efecto, ou o título acreditativo expedido por entidade académica para tal fin. A proba consistirá na tradución dun texto facilitado polo Tribunal do castelán ao galego nun tempo máximo de trinta minutos.

4.2. Cualificarase como **apto/a** ou **non apto/a**.

#### FASE DE CONCURSO (máximo 5 puntos)

Non terá carácter eliminatorio e para a avaliación xuntarase coa solicitude a relación circunstanciada dos méritos que se aleguen pola orde que se establece de seguido, unindo á dita relación os documentos xustificativos destes (orixinais ou fotocopias compulsadas), pois non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

O modelo de relación de méritos figura na páxina web municipal (**Portada » Temas » Recursos Humanos » Procesos selectivos**).

Unicamente se valorarán os méritos das persoas aspirantes que superasen a fase de oposición.

Avaliarase:

#### 5. Experiencia profesional (ata un máximo de 3 puntos):

- 5.1. Por cada mes de servizo en praias en posto de patrón/a socorrista: **0,20 puntos**.
- 5.2. Por cada mes de servizo en praias en posto de socorrista acuático/a, supervisor/a, xefe/a de equipo, xefe/a de grupo ou sanitario: **0,05 puntos**.

#### 6. Outros méritos (ata un máximo de 2 puntos):

6.1. Acreditar formación actualizada no manexo de desfibriladores mediante certificación individual recoñecida polo Consello español de resucitación cardiopulmonar (CERCP) a través da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia (061) ou doutra entidade equivalente no caso de formarse noutra Comunidade Autónoma ou estado: **1 punto**.

6.2. Ser voluntario/a dunha agrupación de voluntarios de protección civil cunha antigüidade mínima de 2 anos e ter rexistrada actividade nos anos 2024 e/ou 2025 (co curso básico de protección civil acreditado): **1 punto**.

#### 7. Acreditación dos méritos:

- a) Os servizos prestados na Administración pública, mediante a certificación expedida pola autoridade ou o persoal funcionario competente, que reflecta o grupo profesional de pertenza.

- b) Para a acreditación dos servizos prestados no Concello de Oleiros bastará con que a persoa aspirante solicite que se teñan en conta na avaliación de méritos da fase de concurso os servizos prestados a través do modelo que figura na páxina web municipal (Portada » Temas » Recursos Humanos » Procesos selectivos), incorporando a propia Administración o informe acreditativo ao expediente de selección.
- c) Os servizos prestados en empresas privadas, mediante a presentación inescusable do modelo oficial de certificado de empresa ou certificado de vida laboral aos que se deberán acompañar, inescusablemente, cada contrato de traballo que se pretenda que se avalíe coa acreditación do rexistro no servizo de emprego correspondente.
- d) Non se computarán os servizos inferiores ao mes, entendéndose estes de trinta días; agás que así se especifique expresamente nalgún apartado das bases da convocatoria de que se trate. Deduciranse proporcionalmente aqueles servizos prestados a tempo parcial.
- e) O resto dos méritos a través dos diplomas ou certificacións correspondentes.

## **BASES ESPECÍFICAS PARA A CATEGORÍA DE AUXILIARES DE INFORMACIÓN E PRIMEIROS AUXILIOS EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS**

### **FASE DE OPOSICIÓN**

Consistirá na realización das seguintes probas:

#### **1. Proba de coñecementos:**

1.1. De carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá nun exame teórico de 20 preguntas combinadas (tipo test e pregunta curta) de acordo co temario contido no Anexo IV destas bases.

1.2. Este exercicio cualificarase de **0 a 20 puntos** e para superalo será necesario obter un mínimo de **dez puntos**. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal se terá en conta que cada resposta incorrecta descontará a metade do valor dunha pregunta correcta.

#### **2. Proba en piscina (proba física):**

2.1. Con carácter previo á realización desta proba, **no preciso momento do chamamento público**, e con carácter obrigatorio e eliminatorio, as persoas aspirantes deberán presentar o **certificado médico oficial** esixido no apartado quinto das bases xerais da convocatoria.

2.2. De carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá nunha proba de natación en piscina. A persoa candidata deberá de introducirse no vaso da piscina e permanecer en flotación dinámica durante 30 segundos para a continuación realizar 25 metros de natación en estilo libre, tendo que realizar os 25 metros en menos de 60 segundos. Esta proba será cualificada como **apta/non apta**.

#### **3. Proba práctica:**

3.1. De carácter obrigatorio e eliminatorio consistente nun exame práctico sobre o procedemento de activación ante dúas situacións das incluídas no anexo-temario. Unha delas será obrigatoriamente realizar unha proba simulada de reanimación cardio pulmonar (RCP): proba de Soporte vital básico e instrumental e utilización do equipo de oxigenoterapia segundo as recomendacións da "European Resuscitation Council Guidelines 2021 Resumen ejecutivo", [https://www.cercp.org/wp-content/uploads/2021/12/ERC-Guidelines-2021\\_Executive-Summary\\_Spanish-translation.pdf](https://www.cercp.org/wp-content/uploads/2021/12/ERC-Guidelines-2021_Executive-Summary_Spanish-translation.pdf).

3.2. Os membros do tribunal poderán formular preguntas de carácter profesional nesta proba á persoa aspirante.

3.3. Cualificarase de **0 a 10 puntos** sendo necesaria a obtención dunha puntuación mínima de **5 puntos** para superar a proba.

#### **4. Proba de coñecemento da lingua galega:**

4.1. De carácter obrigatorio e eliminatorio agás para aquelas persoas aspirantes que presenten o certificado, orixinal ou a fotocopia compulsada -dentro do prazo de presentación de instancias e referido á data do seu remate- de ter superados os estudos conducentes á obtención do certificado de lingua galega -CELGA 3- correspondente co nivel de estudos acreditados para a participación no procedemento selectivo, expedido por organismo oficial para o efecto, ou o título acreditativo expedido por entidade académica para tal fin. A proba consistirá na tradución dun texto facilitado polo Tribunal do castelán ao galego nun tempo máximo de trinta minutos.

4.2. Cualificarase como **apto/a** ou **non apto/a**.

#### **FASE DE CONCURSO (máximo 9 puntos):**

Non terá carácter eliminatorio e para a avaliación xuntarase coa solicitude a relación circunstanciada dos méritos que se aleguen pola orde que se establece de seguido, unindo á dita relación os documentos xustificativos destes (orixinais ou

fotocopias compulsadas), pois non se tomarán en consideración nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

O modelo de relación de méritos figura na páxina web municipal (**Portada » Temas » Recursos Humanos » Procesos selectivos**).

Unicamente se valorarán os méritos das persoas aspirantes que superasen a fase de oposición.

Avaliarase:

**5. A experiencia profesional (ata un máximo de 3 puntos):**

5.1. Por cada mes de servizo como persoal sanitario en praias: **0,20 puntos**.

5.2. Por cada mes de servizo como persoal sanitario en outras institucións (centros de saúde, hospitais, ambulancias,...): **0,15 puntos**.

5.3. Por cada mes de servizo en praias en posto de socorrista (ou análogo): **0,05 puntos**.

**6. Outros méritos, ata un máximo de 6 puntos:**

6.1. Estar en posesión da diplomatura, grao en enfermería ou superior: **3 puntos**.

6.2. Ser voluntario/a dunha agrupación de voluntarios de protección civil cunha antigüidade mínima de 2 anos e ter rexistrada actividade nos anos 2024 e/ou 2025 (co curso básico de protección civil acreditado): **1 punto**

6.3. Acreditar formación actualizada no manexo de desfibriladores mediante certificación individual recoñecida polo Consello español de resucitación cardiopulmonar (CERCP) a través da Fundación pública urxencias sanitarias de Galicia (O61) ou de outra entidade equivalente no caso de formarse noutra Comunidade autónoma ou Estado: **2 puntos**.

**7. Acreditación dos méritos:**

- a) Os servizos prestados na Administración pública, mediante a certificación expedida pola autoridade ou o persoal funcionario competente, que reflicta o grupo profesional de pertenza.
- b) Para a acreditación dos servizos prestados no Concello de Oleiros bastará con que a persoa aspirante solicite que se teñan en conta na avaliación de méritos da fase de concurso os servizos prestados a través do modelo que figura na páxina web municipal (**Portada » Temas » Recursos Humanos » Procesos selectivos**), incorporando a propia Administración o informe acreditativo ao expediente de selección.
- c) Os servizos prestados en empresas privadas, mediante a presentación inescusable do modelo oficial de certificado de empresa ou certificado de vida laboral aos que se deberán acompañar, inescusablemente, cada contrato de traballo que se pretenda que se avalíe coa acreditación do rexistro no servizo de emprego correspondente.
- d) Non se computarán os servizos inferiores ao mes, entendéndose estes de trinta días; agás que así se especifique expresamente nalgún apartado das bases da convocatoria de que se trate. Deduciranse proporcionalmente aqueles servizos prestados a tempo parcial.
- e) O resto dos méritos a través dos diplomas ou certificacións correspondentes.

## ANEXO I – TEMARIO DAS CATEGORÍAS SUPERVISOR/A E XEFE/A DE EQUIPO

**Tema 1.-** O socorrismo acuático: concepto, obxectivos, límites e datos de interese. O socorrista acuático profesional e a súa formación.

**Tema 2.-** Prevención de accidentes acuáticos e afogamentos. A vixilancia.

**Tema 3.-** Secuencia de actuación ante rescates acuáticos. Técnicas para entrar na auga e de nado adaptadas. O mergullo.

**Tema 4.-** Técnicas de traslado e extracción de persoas accidentadas no medio acuático.

**Tema 5.-** Os espazos acuáticos: características e diferenzas de interese no socorrismo acuático.

**Tema 6.-** A Bandeira Azul e a súa repercusión nos servizos de socorrismo. Criterios Bandeira Azul para praias.

**Tema 7 .-** A comunicación aplicada a situacións de prevención de riscos. Prevención de accidentes e riscos laborais no socorrismo acuático .

**Tema 8.-** O paciente traumático. Traumatismos. Trastornos circulatorios.

**Tema 9.-** Lesións producidas por calor ou frío. As picaduras. Intoxicacións e cadros convulsivos. A botica de primeiros auxilios e a enfermería.

**Tema 10.-** Soporte vital básico e instrumental e utilización de equipo de oxigenoterapia segundo “European Resuscitation Council Guidelines 2021 Resumen ejecutivo”, [https://www.cercp.org/wp-content/uploads/2021/12/ERC-Guidelines-2021\\_Executive-Summary\\_Spanish-translation.pdf](https://www.cercp.org/wp-content/uploads/2021/12/ERC-Guidelines-2021_Executive-Summary_Spanish-translation.pdf). RCP e obstrución das vías aéreas por corpo estraño (OVACE).

**Tema 11.-** Condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia. Plan de salvamento en praias de Galicia (SAPRAGA).

**Tema 12.-** Ordenanza municipal que regula o uso das praias no Concello de Oleiros.

## BIBLIOGRAFÍA

GONZÁLEZ, F.; PALACIOS, J.; BARCALA, R. y OLEAGORDIA, A. (2008): Primeros auxilios y socorrismo acuático: prevención e intervención. Madrid: PARANINFO. ISBN: 978-84-9732-649-0.

PALACIOS, J. (2008): Socorrismo acuático profesional: formación para la prevención y la intervención ante accidentes en el medio acuático. A Coruña: Publicaciones Didácticas SADEGA. ISBN: 978-84-612-3530-8.

Ordenanza municipal que regula o uso das praias no Concello de Oleiros, BOP da Coruña núm. 130, de 9 de xuño de 2009 e modificación BOP da Coruña núm. 85, de 5 de maio de 2016 (texto consolidado): [http://www.oleiros.org/c/document\\_library/get\\_file?p\\_l\\_id=299852&folderId=124810&name=DLFE-27558.pdf](http://www.oleiros.org/c/document_library/get_file?p_l_id=299852&folderId=124810&name=DLFE-27558.pdf).

“European Resuscitation Council Guidelines 2021 Resumen ejecutivo”, [https://www.cercp.org/wp-content/uploads/2021/12/ERC-Guidelines-2021\\_Executive-Summary\\_Spanish-translation.pdf](https://www.cercp.org/wp-content/uploads/2021/12/ERC-Guidelines-2021_Executive-Summary_Spanish-translation.pdf).

Guía de interpretación de los criterios Bandera Azul para playas. <https://www.banderaazul.org/sites/default/files/convocatoria2025/Guia%20playas%202025.pdf>

Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 43/2023, do 4 de maio, polo que se modifica o Decreto 152/2021, de 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Resolución do 29 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de emerxencias e Interior, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 14 de outubro de 2021 polo que se aproba o Plan de salvamento en praias de Galicia (SAPRAGA)

## ANEXO II – TEMARIO DA CATEGORÍA DE SOCORRISTA ACUÁTICO/A

**Tema 1.-** O socorrismo acuático: concepto, obxectivos, límites e datos de interese. O socorrista acuático profesional e a súa formación.

**Tema 2.-** Prevención de accidentes acuáticos e afogamentos. A vixilancia.

**Tema 3.-** Secuencia de actuación ante rescates acuáticos. Técnicas para entrar na auga e de nado adaptadas. O mergullo.

**Tema 4.-** Técnicas de traslado e extracción de accidentados no medio acuático.

**Tema 5.-** Os espazos acuáticos: características e diferenzas de interese no socorrismo acuático

**Tema 6 -** A comunicación aplicada a situacións de prevención de riscos. Prevención de accidentes e riscos laborais no socorrismo acuático .

**Tema 7.-** O paciente traumático. Traumatismos. Trastornos circulatorios.

**Tema 8.-** Lesións producidas por calor ou frío. As picaduras. Intoxicacións e cadros convulsivos. A botica de primeiros auxilios e a enfermería.

**Tema 9.-** Soporte vital básico e instrumental e utilización de equipo de oxigenoterapia. RCP e obstrución das vías aéreas por corpo estraño (OVACE).

**Tema 10.-** Ordenanza municipal que regula o uso as praias no Concello de Oleiros.

**Tema 11.-** Plan de salvamento en praias de Galicia (SAPRAGA).

**Tema 12.-** A “bandeira azul” e a súa repercusión nos servizos de socorrismo. Criterios Bandeira Azul para praias.

## BIBLIOGRAFÍA

GONZÁLEZ, F.; PALACIOS, J.; BARCALA, R. y OLEAGORDIA, A. (2008): Primeros Auxilios y socorrismo acuático: prevención e intervención. Madrid: PARANINFO. ISBN: 978-84-9732-649-0.

PALACIOS, J. (2008): Socorrismo acuático profesional: Formación para la prevención y la intervención ante accidentes en el medio acuático. A Coruña: Publicaciones Didácticas SADEGA. ISBN: 978-84-612-3530-8.

Ordenanza municipal que regula o uso das praias no Concello de Oleiros, BOP da Coruña núm. 130, de 9 de xuño de 2009 e modificación publicada no BOP da Coruña núm. 85, de 5 de maio de 2016 (texto consolidado): [http://www.oleiros.org/c/document\\_library/get\\_file?p\\_l\\_id=299852&folderId=124810&name=DLFE-27558.pdf](http://www.oleiros.org/c/document_library/get_file?p_l_id=299852&folderId=124810&name=DLFE-27558.pdf).

“European Resuscitation Council Guidelines 2021 Resumen ejecutivo”, [https://www.cercp.org/wp-content/uploads/2021/12/ERC-Guidelines-2021\\_Executive-Summary\\_Spanish-translation.pdf](https://www.cercp.org/wp-content/uploads/2021/12/ERC-Guidelines-2021_Executive-Summary_Spanish-translation.pdf).

Guía de interpretación de los criterios Bandera Azul para playas. <https://www.banderaazul.org/sites/default/files/convocatoria2025/Guia%20playas%202025.pdf>

Resolución do 29 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de emerxencias e Interior, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 14 de outubro de 2021 polo que se aproba o Plan de salvamento en praias de Galicia (SAPRAGA).



### ANEXO III – TEMARIO DA CATEGORÍA DE PATRÓN/A DE EMBARCACIÓN

**Tema 1.-**O socorrismo acuático: concepto, obxectivos, límites e datos de interese. O socorrista acuático profesional e a súa formación.

**Tema 2.-**Prevención de accidentes acuáticos e afogamentos. A vixilancia.

**Tema 3.-**Técnicas de traslado e extracción de accidentados no medio acuático.

**Tema 4.-**Os espazos acuáticos: características e diferenzas de interese no socorrismo acuático. A “Bandeira Azul” e a súa repercusión nos servizos de socorrismo. Criterios Bandeira Azul para praias.

**Tema 5.-**A comunicación aplicada a situacións de prevención de riscos. Prevención de accidentes e riscos laborais no socorrismo acuático.

**Tema 6.-**Ordenanza municipal que regula o uso das praias no Concello de Oleiros.

**Tema 7.-**Seguridade e comprobacións antes de saír a mar.

**Tema 8.-**Motores. Identificación elementos instalación propulsora. Arranque e comprobacións de funcionamento.

**Tema 9.-**Cabos. Manexo de cabos e nós básicos.

**Tema 10.-**Manobras. Manobras en dársena, atraques, desatraques. Velocidade de seguridade. Manobras de seguridade.

**Tema 11.-**Fondeo, vixilancia e control da derrota. Manobra de fondeo e virado da áncora. Precaucións con bañistas e mergulladores.

**Tema 12.-**Plan de salvamento en praias de Galicia (SAPRAGA).

Os temas 7 a 11 serán desenvolvidos con base no Real Decreto 875/14, do 10 de outubro, que regula as titulacións náuticas para o goberno de embarcacións de recreo.

### BIBLIOGRAFÍA

GONZÁLEZ, F.; PALACIOS, J.; BARCALA, R. y OLEAGORDIA, A. (2008): Primeros Auxilios y socorrismo acuático: prevención e intervención. Madrid: PARANINFO. ISBN: 978-84-9732-649-0.

PALACIOS, J. (2008): Socorrismo acuático profesional: Formación para la prevención y la intervención ante accidentes en el medio acuático. A Coruña: Publicaciones Didácticas SADEGA. ISBN: 978-84-612-3530-8.

Ordenanza municipal que regula o uso das praias no Concello de Oleiros, BOP da Coruña núm. 130, de 9 de xuño de 2009 e modificación publicada no BOP da Coruña núm. 85, de 5 de maio de 2016 (texto consolidado): [http://www.oleiros.org/c/document\\_library/get\\_file?p\\_l\\_id=299852&folderId=124810&name=DLE-27558.pdf](http://www.oleiros.org/c/document_library/get_file?p_l_id=299852&folderId=124810&name=DLE-27558.pdf).

“European Resuscitation Council Guidelines 2021 Resumen ejecutivo”, [https://www.cercp.org/wp-content/uploads/2021/12/ERC-Guidelines-2021\\_Executive-Summary\\_Spanish-translation.pdf](https://www.cercp.org/wp-content/uploads/2021/12/ERC-Guidelines-2021_Executive-Summary_Spanish-translation.pdf).

Guía de interpretación de los criterios Bandera Azul para playas. <https://www.banderaazul.org/sites/default/files/convocatoria2025/Guia%20playas%202025.pdf>

Resolución do 29 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de emerxencias e Interior, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 14 de outubro de 2021 polo que se aproba o Plan de salvamento en praias de Galicia (SAPRAGA).

Real Decreto 875/2014, de 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno de embarcacións de recreo. <https://www.fomento.gob.es/NR/rdonlyres/C20A28E0-D7D2-40B6-9828-F10711F1471F/128447/BOEA201410344.pdf>

## ANEXO IV – TEMARIO DA CATEGORÍA DE AUXILIARES DE INFORMACIÓN E PRIMEIROS AUXILIOS EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS

**Tema 1.-** Soporte Vital básico e instrumental e utilización de equipo de oxigenoterapia. RCP e obstrución das vías aéreas por corpo extraño (OVACE).DESA.

**Tema 2.-** Cadea de supervivencia.

**Tema 3.-** Traumatismos.

**Tema 4.-** Transtornos circulatorios.

**Tema 5.-** Lesións producidas por calor, frío e/ou por axentes químicos.

**Tema 6.-** Picaduras.

**Tema 7.-** Intoxicacións e cadros convulsivos.

**Tema 8.-** O botiquín de primeiros auxilios e a enfermería.

**Tema 9.-** Intervención prehospitalaria en afogamentos e lesionados medulares no medio acuático.

**Tema 10.-** Ordenanza municipal que regula o uso das praias no Concello de Oleiros.

**Tema 11.-** Criterios Bandeira Azul para praias.

**Tema 12.-** Plan de salvamento en praias de Galicia (SAPRAGA).

### BIBLIOGRAFIA

GONZÁLEZ, F.; PALACIOS, J.; BARCALA, R. y OLEAGORDIA, A. (2008): Primeros auxilios y socorrismo acuático: prevención e intervención. Madrid: PARANINFO. ISBN: 978-84-9732-649-0.

Ordenanza municipal que regula o uso das praias no Concello de Oleiros, BOP da Coruña núm. 130, de 9 de xuño de 2009 e modificación BOP da Coruña núm. 85, de 5 de maio de 2016 (texto consolidado): [http://www.oleiros.org/c/document\\_library/get\\_file?p\\_l\\_id=299852&folderId=124810&name=DLFE-27558.pdf](http://www.oleiros.org/c/document_library/get_file?p_l_id=299852&folderId=124810&name=DLFE-27558.pdf) ).

“European Resuscitation Council Guidelines 2021 Resumen ejecutivo”, [https://www.cercp.org/wp-content/uploads/2021/12/ERC-Guidelines-2021\\_Executive-Summary\\_Spanish-translation.pdf](https://www.cercp.org/wp-content/uploads/2021/12/ERC-Guidelines-2021_Executive-Summary_Spanish-translation.pdf).

Guía de interpretación de los criterios Bandera Azul para playas. <https://www.banderaazul.org/sites/default/files/convocatoria2025/Guia%20playas%202025.pdf>

Resolución do 29 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de emerxencias e Interior, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 14 de outubro de 2021 polo que se aproba o Plan de salvamento en praias de Galicia (SAPRAGA).

Oleiros, 14 de marzo de 2025

A segunda tenente de alcalde e concelleira delegada de Participación Cidadá, Cooperación, Seguridade cidadá e Recursos Humanos

Margarita Figueroa Vázquez

2025/1685